Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

nun segundo parágrafo. Sen embargo, este segundo parágrafo comeza cunha expresión ("Non obstante") que non é congruente co seu sentido pois parece aludir a unha excepción á declaración xeral e non é senón un corolario desta.

A este respecto, en relación con este apartado 4 recomendamos que se unan os dous parágrafos, e que o actual segundo parágrafo comece coa expresión *"A tal fin"* ou similar.

Por outra parte, entendemos que esta asunción directa por Portos de Galicia de determinados servizos especiais requirirá un previo apercibimento aos prestadores de tales servizos, e só no caso de que, aínda co previo aviso, persistise a situación de ausencia ou insuficiencia dos medios adscritos ao servizo, podería Portos de Galicia asumir a xestión deses servizos. Neste sentido, podería redactarse este apartado do xeito seguinte: "*...Portos de Galicia poderá asumir directamente, previa audiencia dos titulares das autorizacións vixentes, a prestación de servizos*".

No apartado 6 (que sería o apartado 5 actual) que se refire ás autorizacións en réxime de auto prestación ou de integración de servizos, cómpre subliñar en primeiro lugar que no primeiro inciso advírtese algún erro de redacción: a expresión "cando proceda" debe ir entre comas, e tamén repítese o artigo "a" referido á integración de servizos. Por outra parte, consideramos que debe acortarse o último inciso, moi longo, poñendo un punto e seguido logo da expresión "...en función da demanda do porto." Finalmente, entendemos que no texto legal debe facerse unha referencia, aínda que xenérica, aos criterios de compensación económica en relación coas obrigas de servizo público.

En consecuencia, recomendamos a redacción seguinte:"*Portos de Galicia poderá autorizar, cando proceda, a auto prestación e a integración de varios servizos especiais nun mesmo operador. As autorizacións para a prestación de servizos portuarios especiais en réxime de auto prestación ou de integración de servizos, suxeitaranse aos pregos xerais reguladores dos servizos, excluíndose do contido de ditas autorizacións as condicións relativas á cobertura universal, estrutura das tarifas e tarifas máximas, e obrigas relativas a continuidade e regularidade en función da demanda do porto. Estas autorizacións establecerán, no seu caso, as compensacións económicas que os titulares deberán aboar como contribución, para que as obrigas de servizo público que recaen sobre titulares de autorizacións abertas ao uso xeral poidan ser atendidas. O valor desta compensación establecerase para cada autorización de*

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

conformidade cos criterios obxectivos, transparentes, proporcionais, equitativos e non discriminatorios establecidos ao efecto nos pregos xerais reguladores dos servizos."

Artigo 117. Obrigas de servizo público

En relación cos distintos subapartados que figuran no apartado 1 deste artigo recomendamos que se debe engadir un máis que consideramos relevante en tanto que afecta ao principio de cobertura universal. Neste sentido, entendemos que debe introducirse un novo subapartado redactado do seguinte xeito: "Establecer unha cobertura universal, con obrigación de atender a toda demanda razoable, en condicións non discriminatorias."

Por outra parte, no subapartado b) recomendamos que se substitúa a frase de " ... nos labores de salvamento, extinción de incendios e control de emerxencias." Pola de " *.....nos labores de salvamento, extinción de incendios, loita contra a contaminación e prevención e control de emerxencias."*

Artigo 118. Utilización dos servizos especiais

No apartado 1 advírtese algún erro na redacción xa que no inciso inicial faise referencia á "... solicitude dos usuarios polos operadores privados que conten coa preceptiva autorización.", cando debería dicir: "... *solicitude dos usuarios aos operadores privados que conten coa preceptiva autorización."*

No apartado 2 tamén se observa un erro de redacción xa que consideramos que en lugar de , "... así como o ámbito xeográfico ao que estendan." Debería redactarse así: "... *así como o ámbito xeográfico ao que se estendan."*

Artigo 119. Réxime de acceso á prestación de servizos especiais

En relación co apartado 2 referido ao suposto de que non estea limitado o número de prestadores dun determinado servizo entendemos que hai unha redacción incorrecta xa que no inciso final fálase de carácter taxado cando en realidade deberíase falar de "carácter regrado", xa que o emprego da expresión "taxado" neste caso podería inducir a erro ou confusión na medida en que podería interpretarse como limitado o número de autorizacións cando non é o caso, polo que parece máis correcto falar de "regrado." Neste mesmo apartado 2 recomendamos que se introduza un inciso final referido ao suposto de que estea limitado o número de prestadores dun

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

determinado servizo. Neste sentido, podería redactarse así: " *Cando estea limitado o número de prestadores, as autorizacións outorgaranse por concurso, e as convocatorias destes concursos e a súa adxudicación publicaranse, cando fora esixible, no Diario Oficial da Unión Europea.*"

No apartado 5 figura unha expresión que parece que aporta certa confusión, quedando máis claro o precepto legal se se suprime. En efecto, fálase de "Entre os requisitos técnicos para a prestación do servizo incluiranse medios humanos e materiais suficientes que, permitindo desenvolver as operacións ... en condicións de seguridade,...non impidan, de ser o caso, a competencia entre operadores." A este respecto, entendemos que a supresión da expresión "*de ser o caso*" aportaría maior claridade a esta norma, e que podería indicarse expresamente que. "*... non impidan ou limiten a competencia entre operadores.*"

No apartado 8 faise referencia á revisión do acordo de limitación do número de prestadores dun determinado servizo especial e sinálase que : " Na medida en que se alteren as causas que a motivaron, esta limitación será revisable total ou parcialmente polo Consello Reitor de Portos de Galicia". A este respecto, consideramos que debería recollerse tamén como causa desta revisión a circunstancia de que se vaia realizar un concurso para outorgamento de novas autorizacións, polo que propoñemos esta redacción: "*Na medida en que se alteren as causas que a motivaron, ou previamente á convocatoria dun novo concurso, esta limitación será revisable total ou parcialmente polo Consello Reitor de Portos de Galicia...*"

Por outra parte, consideramos que debería contemplarse tamén a posibilidade de que o acordo non só sexa revisable de oficio senón tamén a instancias de calquera interesado, que sempre podería alegar o cambio nas circunstancias que determinaron o acordo de limitación de prestadores do servizo; neste sentido, recomendamos que se inclúa un inciso final redactado do xeito seguinte: "*Tamén poderá ser revisada a instancias de calquera interesado, someténdose a a idénticos trámites dos seguidos para o seu establecemento.*"

Por último, o apartado 14 deste artigo trata da transmisión destas autorizacións para a prestación de servizos portuarios especiais, e en relación con este aspecto parécenos recomendable introducir un inciso final, respecto do persoal da empresa que transmite o título habilítante como prestadora de servizos, no que se indique expresamente o seguinte: " *A transmisión terá respecto aos contratos de traballo do persoal do titular da autorización os efectos previstos na lexislación e convenio laborais.*"

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

Artigo 120. Contido dos pregos reguladores dos servizos portuarios especiais

En relación coa enumeración das cláusulas que constitúen o contido dos pregos, cómpre destacar en primeiro termo que no subapartado d) debería incluírse unha referencia non só ao ámbito xeográfico ao que se estende a prestación do servizo, senón tamén ao obxecto do servizo, na medida en non hai ningunha outra cláusula na que se defina este obxecto. En consecuencia, recomendamos que se modifique esta cláusula do xeito seguinte: " ... *d) Obxecto do servizo portuario e ámbito xeográfico ao que se estende a prestación do servizo ...* "

En relación con este mesmo aspecto consideramos que debería completarse a descripción do obxecto do servizo con outra cláusula na que se fixera referencia ás condicións técnicas, ambientais e de seguridade da prestación do servizo. Esta cláusula, aparte do seu valor intrínseco, entendemos que é necesaria por razóns de congruencia xa que no subapartado s) alúdese como causas de extinción da autorización ao incumprimento das esixencias de seguridade para a prestación do servizo sen que estas condicións se mencionen en ningunha cláusula. En consecuencia, propoñemos que se introduza un novo subapartado nos seguintes termos: " *Condicións técnicas, ambientais e de seguridade de prestación do servizo e, no seu caso, das instalacións e equipamento asociados ao mesmo, incluíndo niveis mínimos de produtividade, rendemento e de calidade.*" Proponse, ao mesmo tempo, a supresión do actual subapartado l), porque o seu contido estaría recollido neste novo subpartado que se recomenda.

Outro subapartado que entendemos que sería importante pola repercusión económica que pode ter para o futuro prestador do servizo sería unha referencia ás tarifas polo que serían servizos de prestación ocasional ou puntual, pero que estaría obrigado a realizar o adxudicatario da autorización. Así, podería incluírse outro subapartado nos seguintes termos: "*Tarifas que os prestadores poderán percibir, no seu caso, cando interveñan en servizos de emerxencia, extinción de incendios, salvamento ou loita contra a contaminación.*"

Por outra parte, consideramos que podería introducirse outro apartado. Así, un apartado 3 no que, en consonancia co previsto no apartado 5 do artigo 119, se faga referencia a un aspecto tan relevante como é o de respectar sempre o principio de libre concorrencia entre candidatos a obter a autorización como prestadores de servizos portuarios. Neste sentido, recomendamos un novo apartado que podería redactarse do xeito seguinte: "*Os pregos reguladores do servizo non conterán esixencias técnicas para a prestación dos servizos que alteren inxustificadamente as*

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

condicións de competencia nin calquera outro tipo de cláusula que afecte á libre concorrencia no mercado"

Artigo 121, Prazo das autorizacións de prestación de servizos portuarios especiais

No apartado 3 referido á renovación das autorizacións nos casos nos que non exista limitación do número de prestadores recomendamos a introdución dun inciso no que se trate dos efectos do silencio administrativo, que entendemos deberá ser positivo, xa que neste artigo indícase que as autorizacións poderán ser renovadas previa solicitude sempre que o titular cumpra cos requisitos previstos nesta lei e nas prescricións vixentes de regulación do servizo. En consecuencia, recomendamos que se inclúa un inciso, co prazo que se considere máis axeitado nos seguintes termos: *"Transcorrido o prazo de ... meses desde a solicitude sen que se notifique resolución expresa entenderase outorgada a renovación."*

Artigo 122. Extinción das autorizacións de prestación de servizos portuarios xerais

En relación coas causas de extinción das autorizacións que se enumeran no apartado 1 do artigo 122 recomendamos que se introduza unha cláusula de peche, que permitiría que esta enumeración legal non fose limitativa, e quedaría aberta a posibilidade de que o prego regulador do servizo establecese causas de extinción específicas. Neste sentido, recoméndase a introdución dun último subapartado nos seguintes termos: " *Polas demais causas previstas nas pregos reguladores do servizo."*

Artigo 123. Separación contable

Respecto deste artigo entendemos que debe considerarse a posibilidade de que un mesmo empresario sexa titular de varias autorizacións para a prestación de servizos portuarios especiais, xa que as autorizacións outórganse con carácter específico e individualizado para cada un dos servizos (artigo 116.4 deste anteproxecto), polo que entendemos que este artigo referido á contabilidade da empresa debe ser congruente con ese réxime xurídico das autorizacións, polo que propoñemos que na parte final do artigo comentado en lugar de " ... *deberán levar unha estrita separación contable con arranxo aos usos e prácticas comerciais admitidas ...* " recoméndase que se indique expresamente que " ... *deberán levar, para cada un dos servizos que presten, unha estrita separación contable con arranxo aos usos e prácticas comerciais admitidas ...* "

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

Artigo 124. Réxime xeral aplicable ás actividades comerciais, industriais ou doutra natureza prestadas por terceiros

Entendemos que pola súa relevancia debería introducirse un apartado específico referido ao prazo de vixencia das autorizacións destas actividades. A este respecto, dada a natureza heteroxénea das eventuais actividades que se realicen (unas serían de carácter portuario, e outras non terían esta natureza) consideramos que non sería axeitado establecer un prazo xeral único para tódalas actividades, senón que debería indicarse para cada actividade ou conxunto de actividades nos pregos de condicións xerais correspondentes.

Desde esta perspectiva, recomendamos que se introduza un novo apartado (que podería figurar como apartado 2) no que podería indicarse o seguinte: "*O prazo de vixencia destas autorizacións será o que se determine nos pregos de condicións xerais de cada actividade ou conxunto de actividades. Cando para o exercicio dunha actividade comercial, industrial ou doutra natureza se requirise a ocupación do dominio público portuario, o prazo deberá ser o mesmo que o autorizado para a ocupación demanial, e tramitarase un só expediente no que se outorgará un único título administrativo*".

En consonancia con esta proposta debería suprimirse o apartado 7.

Novena. Observacións ao título VI Regulamento de Explotación e Policía, Potestades de inspección e seguridade e réxime (artigos 126 a 148)

Artigo 126. *Regulamento de explotación* e *policía.*

Neste artigo faise referencia ao regulamento de explotación e policía dos portos e instalacións marítimas que elaborará a E. P. E. Portos de Galicia. A este respecto, debemos apuntar unicamente un aspecto de redacción, en tanto que no texto fálase de "*regulamento ... no que se regularán*", polo que entendemos que debería evitarse esta tautoloxía e podería adoptarse unha redacción como a que segue ou similar: "*... un regulamento ... no que se establecerán as normas...*"

Artigo 127. *Inspección* e *vixilancia*

Consideramos que debería corrixirse o texto do apartado 1 deste artigo xa que en congruencia co contido do precepto anterior, no que se alude a un "*regulamento de explotación e policía dos portos e instalación marítimas*", habería que engadir o seguinte: "*...para garantir o*

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

cumprimento desta lei, con relación aos servizos, operacións, ocupacións e actividades en xeral, incluída a sinalización e a circulación viaria que se desenvolva nos portos e instalacións marítimas, calquera que sexa ..."

En relación co apartado 2, no que se alude a que as funcións de inspección e vixilancia exerceranse polo persoal de Portos de Galicia debidamente cualificado, consideramos que debería engadirse o seguinte: " ... *por persoal de Portos de Galicia debidamente cualificado, que terá a consideración de axente da autoridade no exercicio das súas funcións e en actos de servizo.*"

Respecto do apartado 3, que se refire ás concesións e autorizacións, entendemos que debería incluírse un inciso no que se tratara do auxilio que debe prestar o titular da concesión ou autorización á Administración portuaria, polo que recomendamos que se introduza un inciso final nos seguintes termos: "*Asemade prestarán asistencia á Portos de Galicia no exercicio da potestade de inspección.*"

Artigo 128. ***Abandono de barcos, vehículos e outros obxectos.***

En relación co contido deste artigo parécenos oportuno subliñar que no procedemento previsto para a declaración de abandono, ao que se refire o apartado 2, alúdese ao trámite de audiencia ao propietario. Sen embargo, non se fai referencia algunha a outros interesados, e consideramos que igual que na lexislación estatal e na maioría das autonómicas deberíase ter en conta tamén aos efectos deste trámite de audiencia ao armador, e ao consignatario. Polo demais, así se fai no mesmo texto do anteproxecto; concretamente, no suposto previsto no artigo 129.3 referido a medidas para para evitar danos que poidan provocar buque en perigo de afundimento, polo que habería que homoxeneizar estas referencias no sentido proposto, que é coincidente co recollido neste último artigo citado.

Por outra parte, no mesmo apartado 2 do artigo comentado indícase que *"declarado o abandono do buque, Portos de Galicia acordará o seu alleamento, e aplicará o seu produto ás atencións propias da entidade"*. A este respecto, consideramos que desde un punto de vista sistemático a mellor ubicación deste precepto sería no apartado 4 deste mesmo artigo, nun segundo parágrafo, logo do que consta no primeiro parágrafo *("Corresponde a Portos de Galicia a propiedade dos buques que foran declarados en situación de abandono de acordo con esta lei")*. Asemade, entendemos que no primeiro parágrafo deste apartado 4 deberíase introducir un

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

inciso para o caso de que non fora posible ou recomendable o alleamento, e que podería redactarse do seguinte xeito ou similar: *"... ás atencións da propia entidade , ou ben procederá ao afundimento do buque cando, polo seu estado, así o aconsellen razóns de seguridade marítima."*

Respecto do apartado 3, referido ás circunstancias que poderían determinar a declaración de abandono, faise referencia a un prazo de tres meses que consideramos que debería indicarse que se trataría dun prazo de "*máis de tres meses consecutivos*" como así se fai noutras lexislacións autonómicas.

En relación coa adopción de medidas urxentes, entendemos que debe realizarse un previo requirimento ao armador, consignatario ou titular do barco por cualquera medio técnico que permitira acreditar a súa fehaciencia.

Artigo 129. ***Medidas para garantir a seguridade nos espazos portuarios.***

No apartado 3 parágrafo 2 faise referencia á potestade de que dispón Portos de Galicia para proceder ao afundimento ou varada dun buque que presente perigo de afundimento no porto , e o interesado non atenda o requirimento efectuado, e indícase que o lugar escollido pola Administración non debe prexudicar á actividade portuaria, á navegación ou á pesca. A este respecto, entendemos que se pode incluír a referencia ao dano ao medio ambiente ou que poida mudarse nun foco de contaminación.

Neste sentido, a redacción deste precepto podería quedar así: " ... *nun lugar onde non se prexudique á actividade portuaria, á navegación ou a pesca, nin constitúa un risco grave para as persoas ou bens, provoque un dano ao medio ambiente ou que poida converterse nun foco de contaminación."*

Respecto do apartado 4 consideramos que aínda que non exista ningunha obxección en canto ao fondo, sen embargo debe revisarse a súa redacción co obxecto de marcar algunha puntuación que evite un parágrafo tan longo, e polo tanto facilite a lectura deste texto legal.

Artigo 131. ***Infraccións leves.***

Con carácter xeral debemos facer unha observación no que se refire á sistemática utilizada na exposición dos diferentes tipos de infraccións administrativas, e que en particular afecta ás infraccións leves.

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

En efecto, tendo en conta o amplo abano de infraccións tipificadas pódese optar por clasificar as infraccións en varios grupos aos efectos dunha mellor comprensión da materia. Podería recomendarse o seguinte esquema: uso do porto, actividades que esixen título habilítante, protección do medio ambiente, e xestión do sistema portuario.

En particular, e polo que se refire ao artigo 131 cómpre subliñar que no parágrafo inicial do artigo establécese unha regla xeral para diferenciar as infraccións leves das graves ou moi graves. Concretamente indícase que a consideración de graves ou moi graves virá dada *"pola súa transcendencia ou pola importancia dos danos ocasionados"*, e nalgunhas das infraccións tipificadas como leves matízase que teñen esa consideración na medida en que as accións ou omisións que constitúen a infracción non alteran o normal funcionamento dos servizos ou actividades do porto [infraccións recollidas nos apartados j) e k)]. Paralelamente, no artigo 132 configúranse algunhas infraccións como graves [apartados i) e J)] na medida en que *"perturban a actividade normal do porto"*. En consecuencia, parece que unha das regras xerais para discernir entre infracción grave ou leve radica en que se perturbe ou non a actividade normal do porto.

Sen embargo, a infracción tipificada no apartado i) do artigo 131 *("Calquera acción ou omisión que cause danos ou menoscabo aos bens do dominio público portuario, ou ao seu uso e explotación, ou que altere o normal funcionamento dos servizos ou actividades do porto")* semella apartarse da regra xeral indicada.

Así as cousas, entendemos que para unha adecuada sistemática na clasificación das infraccións sería recomendable incorporar ao parágrafo inicial do artigo 131 a regla xeral citada, de xeito que podería quedar coa seguinte redacción: " *... non tendo a consideración de graves ou moi graves pala súa transcendencia, pola importancia dos danos ocasionados, ou por alterar o normal funcionamento dos servizos ou actividades do porto."* A este respecto, é certo que dentro do concepto de transcendencia da infracción podería incluírse o criterio xeral citado, pero pola súa reiteración na descrición das infraccións leves e graves, estimamos que sería máis acertado incluíla expresamente no parágrafo inicial do artigo 131. En paralelo coa inclusión deste criterio xeral debería suprimirse esta referencia nos apartados nos que se recolle (nalgún caso, como apuntamos, de xeito contraditorio), e polo tanto habería que modificar os apartados i), j) e k). Neste sentido, entendemos que este aspecto debe figurar como un criterio xeral no parágrafo inicial, xa que ademais da contradición apuntada, hai outras infraccións nas que podería apreciarse tamén este aspecto, como é o caso das tipificadas nos apartados a), b), c), d),

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

e), h), l), n), que sen embargo non conteñen esta importante matización sobre a afectación do normal funcionamento do porto.

Asemade, en relación coa infracción prevista no apartado h) e na que a contía e importancia dos danos constitúe o elemento principal, entendemos que en virtude do principio de seguridade xurídica deberían cuantificarse estes danos para caracterizar a infracción como leve ou grave. Neste sentido, recomendamos que se fixe unha contía dos danos producidos nas obras, instalación, equipos, mercadorías ou medios de transporte por riba da cal a infracción pasaría a ser unha infracción grave.

Por outra parte, cómpre subliñar que no catálogo de infraccións leves non se recolle expresamente a realización de obras ou instalacións sen o correspondente título habilítante ou o incumprimento das condicións do outorgado, cando é así que unha infracción desta natureza aparece na maioría das leis autonómicas, cualificándose a súa gravidade en función do valor da obra ou instalación, da atención ou non dos requirimentos de paralización, e tamén da afectación ou non do normal funcionamento do porto.

Desde esta perspectiva, estimamos que podería incluírse como unha infracción leve a seguinte: *"a realización de obras ou instalacións sen o correspondente título habilítante ou o incumprimento das condicións do outorgado, sempre que o valor da obra executada sexa inferior a --------- euros, nos supostos en que se atendan no prazo outorgado os requirimentos de paralización."*

Asemade, nalgunhas leis autonómicas inclúese como infracción leve o feito de *bañarse ou mergullarse nas augas interiores do porto cando non estivese expresamente autorizado.*

Por outra parte, debería valorarse tamén a inclusión como infracción leve da *obstrución ás actuacións de inspección ou vixilancia que non deba ser cualificada como grave.*

Tamén estimamos que debería valorarse a inclusión doutra infracción leve redactada do xeito seguinte: *"O mero retraso no cumprimento da obrigación de facilitar á Administración portuaria a información íntegra e no prazo ao que obrigue a lei, os regulamentos ou que requira a Administración, en particular a necesaria a efectos estatísticos ou para liquidar tarifas e taxas e a relativa ás embarcacións de base e transeúntes, cando tal información se facilitase íntegra e correctamente."*

Artigo 132. *Infraccións graves.*

En congruencia co sinalado anteriormente para as infraccións leves, recomendamos que se inclúa no parágrafo inicial un criterio xeral referido á afectación do normal funcionamento dos

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

servizos ou actividades do porto, e polo tanto podería redactarse da maneira seguinte: " ... *a reincidencia en calquera das infraccións tipificadas como leves antes do prazo establecido para a súa prescrición, as que perturben do normal funcionamento dos servizos ou actividades do porto e, en todo caso, as seguintes: ...* "

Ao mesmo tempo estimamos que debe suprimirse esta referencia, que xa está incluída no parágrafo inicial, nos apartados nos que figura expresamente; concretamente, nos apartados i) e j), xa que tamén podería afectar á maioría das outras infraccións que figuran nese mesmo artigo.

Por outra parte, traemos aquí a colación a infracción moi grave recollida no artigo 133 (*"As que impliquen un risco moi grave para a saúde ou seguridade de vidas humanas ou a integridade do medio ambiente sempre que non sexan constitutivos de infracción penal*"), e entendemos que debería configurarse outra infracción similar con carácter de grave e asociada a un risco grave para a saúde ou seguridade de vidas humanas ou a integridade do medio ambiente.

Por outra parte, respecto da previsión do apartado e) semella máis ben unha infracción penal que administrativa (*"O ofrecemento ou entrega de diñeiro ou outro tipo de regalos ou dádivas aos responsables do porto ou ao persoal dependente deles, co obxecto de captar a súa vontade en beneficio do subornador."*) Entendemos que debería suprimirse este tipo de infracción pois non se alcanza a comprender en qué supostos non tería relevancia penal.

En concordancia coas previsións do artigo anterior (apartado h) debe incluírse un apartado que contemple a seguinte infracción: *"Causar directamente danos a obras, instalacións, equipos, mercadorías e medios de transporte situados na zona portuaria, cando o dano causado exceda de ------ euros."*

Tamén en concordancia co sinalado anteriormente para o artigo 131 podería engadirse outra infracción no sentido seguinte: " *A realización de obras ou instalacións sen o correspondente título habilítante ou o incumprimento das condicións do outorgado, sempre que o valor da obra executada sexa superior a --------euros e inferior a -------- euros, ou con independencia do valor das obras cando non se atenderan no prazo outorgado os requirimentos de paralización*"

Artigo 133. *Infraccións moi graves.*

En concordancia coas recomendacións formuladas para os artigos 131 e 132 recomendamos que se recolla como unha infracción moi grave a seguinte: " *A realización de obras ou instalacións*

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

sen o correspondente título habilitante ou o incumprimento das condicións do outorgado, sempre que o valor da obra executada sexa superior a --------euros."

Artigo 134. *Prescrición.*

En relación co apartado 3 deste artigo *("O transcurso dos prazos de prescrición establecidos no presente artigo non impedirá a esixencia da restitución das cousas ou a súa reposición ao seu estado anterior"*) entendemos que tamén debe facerse unha referencia á indemnización dos danos irreparables e dos prexuízos causados. Esta mención de ámbolos dous aspectos, e non só a referencia á restitución ou reposición, é congruente co sinalado expresamente no apartado 1 do artigo 142 (*"A imposición de sancións é independente da obriga que ten o infractor de restituír os bens e de repoñer a situación alterada ao estado anterior á comisión da infracción, e da obriga de indemnizar os danos e perdas causados que serán reclamados por Portos de Galicia"*).

Artigo 135. *Responsables.*

No apartado 1 deste artigo entendemos que se poden facer as seguintes observacións:

Respecto do subapartado a) a redacción resulta algo confusa xa que o enunciado comeza co suposto excepcional de responsabilidade solidaria, cando a regla principal é que os autores das accións ou omisións tipificadas como infracción son os responsables primarios principais ou primarios. A responsabilidade solidaria só entra en xogo no caso de que se trate dunha empresa (aínda que esta situación poida ser frecuente) e a infracción se cometese por unha persoa que estivese nunha relación de dependencia con esta. Por outra parte, consideramos que a efectos de establecer a responsabilidade solidaria da empresa abondaría coa existencia desta relación de dependencia, polo que debería suprimirse a referencia ás funcións dentro da empresa do autor da infracción. En consecuencia entendemos que sería recomendable a seguinte redacción ou similar: *"Os autores das accións ou omisións tipificadas como infracción na presente lei. Se a infracción se cometese no ámbito propio da actividade da empresa coa que éstes teñan unha relación de dependencia, a empresa será responsable solidaria."*

No subapartado b) debería corrixirse a redacción pois advírtese unha reiteración de "título" e "titular". Por outra parte, entendemos que é necesario tamén referirse á posibilidade de que houbese unha cesión ou transmisión do título administrativo, e neste caso estimamos que tamén deberían terse en conta os supostos de irregularidades na cesión do título ou do contrato. En

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

consecuencia, consideramos que podería proporse a seguinte redacción: "*No caso de incumprimento das condicións dun contrato ou dun título administrativo, o adxudicatario deste ou do contrato, ou un terceiro cesionario. Nos supostos de omisións na autorización e inscrición da cesión, a responsabilidade será solidaria entre a persoa titular formal do uso e disfrute da instalación ela autora material.*"

Por último no subapartado d) apréciase un erro gramatical pois debe substituírse o "ou" por "o" polo que a redacción deste subapartado debería quedar como segue: " ... o promotor da actividade, o empresario ou empresaria que a executa, e o técnico ou técnica director desta."

Artigo 136. *Principios xerais.*

No apartado 2 faise referencia aos supostos nos que un mesmo feito ou omisión é constitutivo de dúas ou máis infraccións ou que da comisión dunha infracción derívase necesariamente outra, e nestes casos entendo que é necesario introducir un inciso como o que segue, pois unha regla establecida para favorecer ao infractor non pode suporlle un prexuízo, " ... *aquela que comporte maior sanción, agás que a sanción así computada exceda da que represente a suma das que correspondería aplicar si se sancionaran separadamente as infraccións, en cuxo caso éstas sancionaranse por separado.*" Asemade, o último inciso deste apartado referido aos titulares de concesións entendemos que pode suprimirse e integrar un último apartado ao que nos referiremos axiña.

A este respecto, recomendamos que se introduza un novo apartado 6 que comece co inciso final do apartado 2 e continúe cunha referencia aos procedementos de suspensión ou revogación dos títulos administrativos ou contratos. En consecuencia recomendamos a redacción dun novo apartado 6 nos seguintes termos: "*Os adxudicatarios de contratos ou títulos administrativos outorgados de acordo coa presente lei, poderán ser sempre sancionados polas infraccións que nela se establecen, con independencia doutras responsabilidades que, se é o caso, fosen esixibles. Asemade, iniciaranse os procedementos de suspensión dos efectos e, no seu caso, revogación ou resolución dos actos, títulos administrativos o contratos nos que supostamente poidera ampararse a actuación ilegal.*"

Artigo 137. *Multas.*

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

En relación co apartado 2 deste artigo menciónase a infracción tipificada no artigo 133 c), que fai referencia á realización de obras ou instalacións sen título administrativo, polo que deberían engadirse as referencias a outras infraccións moi similares, que varían fundamentalmente polo valor das obras, e que se propoñen nos artigos 131 e 132.

Artigo 139. ***Medidas adicionais.***

En relación co apartado 1 deste artigo recomendamos suprimir o subapartado c) e introducilo no subapartado b), pues non é outra medida adicional senón que trata dun aspecto complementario coa medida prevista no subapartado b).

Tamén recomendamos que se introduza outra medida adicional ás sancións e que afectaría ao eventual dereito do infractor a obter unha subvención ou axuda pública. En efecto, estimamos que podería introducirse este novo subapartado: *" A suspensión do dereito á obtención de subvencións ou axudas públicas da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en materias relacionadas co obxecto da presente lei, por un prazo non superior a dous anos no caso de infraccións graves, ou non superior a tres anos no caso de infraccións moi graves."*

Por outra parte, entendemos que tamén se debería incluír o comiso como unha medida adicional; trataríase dunha medida que persigue a neutralización do beneficio
obtido polo autor dunha infracción administrativa. En concreto recomendamos que se inclúa este novo apartado baixo a seguinte redacción: *"Poderá impoñerse tamén, xunto coas sancións que procedan de conformidade cos artigos anteriores, o comiso do beneficio obtido coa infracción."*

Artigo 140. ***Criterios de graduación.***

En relación coa circunstancia agravante prevista no apartado 3 debe subliñarse que na maioría das leis autonómicas e na lei estatal ou ben só se fai referencia á intencionalidade como circunstancia agravante, ou cando se menciona tamén a neglixencia considérase como unha atenuante. En consecuencia, recoméndase a supresión da neglixencia como circunstancia agravante, e a súa configuración como circunstancia atenuante. Neste sentido, podería redactarse a letra a) do apartado 4 do seguinte xeito: *"A ausencia de intención de causar un dano tan grave aos intereses públicos ou privados afectados."*

Artigo 141. ***Prescrición das sancións.***

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

Respecto deste artigo recomendamos que se estableza expresamente o día inicail do prazo de prescrición, polo que recomendamos a seguinte redacción: *"O prazo de prescrición dunha sanción iníciase o día seguinte a aquel no que adquirise firmeza a resolución que a impón."*

Artigo 142. ***Restitución, reposición e indemnización.***

No apartado 3 deste artigo e antes de enumerar os criterios de avaliación dos danos debería introducirse un inciso no que se indicase que deberá aplicarse o criterio que proporcione maior valor.

Por outra parte, entendemos que debe tamén facerse algunha referencia aos aspectos procedimentais polo que recomendamos que se introduza un novo apartado no que se indique expresamente o seguinte: *"Corresponde ao mesmo órgano competente para impor a sanción establecer a obriga de restituír e de repoñer a situación alterada ao seu estado anterior, e tamén fixar o importe da indemnización previa instrución do correspondente expediente administrativo."*

Artigo 143. ***Procedemento.***

No apartado 2 deste artigo entendemos que sería recomendable que nun inciso final se recollese expresamente o prazo de caducidade do expediente sancionador. Tamén podería engadirse o seguinte inciso final no apartado 5: *"Na tramitación de procedementos sancionadores por feitos sucedidos no ámbito das superficies suxeitas a concesión, será preceptiva a audiencia ao concesionario."*

Artigo 145. ***Medidas provisionais.***

Respecto do apartado 1 deste artigo unicamente apuntar unha redacción alternativa no inciso final do parágrafo primeiro co obxecto de introducir unha mellora. Na redacción proposta fálase de " ... *as medidas de carácter provisional que resulten necesarias para asegurar a eficacia da resolución que puidera recaer, o bo fin do procedemento, evitar o mantemento dos efectos da infracción e as esixencias dos intereses xerais*." Polo que parece máis axeitado que en lugar de mencionarse "as esixencias dos intereses xerais" que irían asociadas ao verbo de "evitar", se substitúa pola frase de *"preservar os intereses xerais"*

Por outra parte, en relación co apartado 2, que trata da paralización das obras ilegais en curso de execución, entendemos que debería introducirse algún parágrafo sobre os trámites subseguintes

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

respecto da posible legalización das obras ou sobre a restitución do estado anterior ás obras ilegais cando non fose posible a súa legalización ou non se instase polo interesado.

Así as cousas, recomendamos a redacción seguinte ou similar: " *Coa notificación da orde de suspensión se lle outorgará un prazo a persoa interesada para que solicite ante a Administración portuaria o título correspondente, ou ben axuste as obras ou a actividade ao que teña concedido. Unha vez transcorrido este prazo sen que o interesado cumprise o que se lle prescribe, a Administración portuaria pode ordenar a demolición das obras ou o desmantelamento das instalacións, a costa do interesado, e impedirá definitivamente os usos ou as actividades non autorizadas.*"

Disposición adicional primeira. Sociedades mercantís públicas dependentes de Portos de Galicia

Esta disposición adicional refírese á posibilidade de que se constitúan sociedades mercantís públicas dependentes da EPE Portos de Galicia, nas que necesariamente a EPE tería participación maioritaria. Tendo en conta esta previsión legal xa se recomendou unha nova redacción do artigo 22 referido aos recursos económicos da EPE Portos de Galicia.

Disposición adicional cuarta. Relación de espazos susceptibles de segregación

Nesta Disposición adicional faise referencia aos espazos pesqueiros e náutico deportivos dos portos de interese xeral, e unha vez analizada entendemos que presenta varios defectos de redacción. En primeiro lugar, utilízanse dúas forma verbais contraditorias: "poderá elaborará" polo que deberíase aclarar se se quere una lista potestativa ou é obrigatoria; entendemos que pola propia natureza das cousas debe entenderse que é unha previsión de necesario cumprimento para a entidade pública empresarial Portos de Galicia. Por outra parte, consideramos que entendemos que para unha mellor comprensión desta disposición deberíase engadir á referencia aos espazos pesqueiros e náutico deportivos a mención de que se trata dos pertencentes aos " portos de interese xeral ." Ademais no inciso final deben concretarse as citas de articulado da lei analizada polo que recomendamos esta redacción ou similar: " ... *nos artigos 2.1, letra e), e 33 desta lei.*".